

Resolución do 25 de abril de 2019, da comisión de selección designada para cualificar o proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Xefe/a de Brigada, resultante do período de actualización de listas, convocado por resolución do 25 de setembro de 2018 do Director-Xerente (DOG 01 de outubro de 2018), pola que se aproban e se fan públicas as listas provisionais de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as e se abre o período de emendas.

A comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para o ingreso nas listas previas na categoría de Xefe/a de Brigada, resultante do período de actualización de listas, convocado por resolución do 25 de setembro de 2018 do Director-Xerente (DOG 01 de outubro de 2018) e de conformidade co establecido nas bases xerais e específicas das que rexen o proceso, entre outros, **ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar as listas provisionais de admitidos/as e excluídos/as.

De conformidade co establecido nas bases xerais 1.6.2 e nas bases específicas 1.4.2, acordou aprobar as listas provisionais de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as ao proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Xefe/a de Brigada, resultante do período de actualización de listas, convocado por resolución do 25 de setembro de 2018 do Director-Xerente (DOG 01 de outubro).

Segundo.- Facer pública as listas provisionais de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as.

De conformidade co establecido nas bases xerais 1.6.2 e nas bases específicas 1.4.2, acordou facer públicas as listas provisionais de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as ao proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Xefe/a de Brigada, resultante do período de actualización de listas, convocado por resolución do 25 de setembro de 2018 do Director-Xerente (DOG 01 de outubro de 2018) que figuran como ANEXO á presente resolución, e con indicación, no caso dos/as candidatos/as excluídos/as, da causa determinante da súa exclusión.

Terceiro.-Emendas.

De conformidade co establecido nas bases xerais 1.6.3 e nas bases específicas 1.4.3, os/as candidatos/as excluídos/as disporán dun prazo de tres días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web de SEAGA, para poderen efectuar reclamacións ante o Director-Xerente de SEAGA e emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

As resolucións do Director-Xerente serán motivadas, se ben a estimación ou desestimación das reclamacións ou emendas entenderanse implícitas na resolución do Director-Xerente pola que se aproben e se fagan públicas as listaxes definitivas de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as. De non haber reclamacións ou emendas, as listas previas de admitidos/as e excluídos/as enténdese aprobadas definitivamente.

Todas as emendas e/ou reclamacións dos/as candidatos/as, só poderán ser presentadas:

- nas oficinas de rexistro de SEAGA, sitas no Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº14, 15890 Santiago de Compostela – A Coruña, de luns a xoves, en horario de 9:00h a 14:00h e de 15:30h a 17:30h, e os venres de 9:00h a 14:00h.
- de luns a venres, en horario de 9:00h a 14:00 horas, nas oficinas sitas en:
 - Polígono do Ceao, Rúa dos Carros, parcela 17, 27003 Lugo.
 - Polígono de San Cibrao das Viñas, Sector C, Rúa Ricardo Martín Esperanza (Rúa 1), Parcela 1-G, Nave 3, 32911 San Cibrao das Viñas, Ourense.
 - Lgr. Cabanas - Salcedo, 54, 36143 Pontevedra.
 - Estrada N. VI, Km. 581, 15640, Guísamo- Bergondo.

Rematando o prazo de presentación de emendas e/ou reclamacións o día 30 de abril de 2019 (inclusive).

A presentación de emendas e/ou reclamacións en oficinas distintas das anteriores non serán tidas en consideración para o proceso.

Santiago de Compostela, a 25 de abril de 2019.

A Presidenta da Comisión de Selección.

A blue ink signature of Marta Vázquez Rodríguez is written over a circular blue stamp. The stamp contains the text "EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A." around the perimeter and "C.I.F. A 79 24557" at the bottom. The word "seaga" is also visible in the center of the stamp.

Asdo.- Marta Vázquez Rodríguez.

**RESULTADOS PROBA DE GALEGO
XEFE DE BRIGADA 2019
(Actualización LP 2018)
ORDE DE CHAMAMENTO**

DNI	DATOS PERSOAIS	RESULTADO DA PROBA
79328251D	ABEIJON VILLAVERDE, JOSE RAMON	NON PRESENTADO
35577797V	FERNANDEZ PUMAR, RUBEN	NON PRESENTADO
35577084V	GONZALEZ LORENZO , LETICIA	NON PRESENTADO
77420901A	MENDEZ PREGO, MONICA	NON PRESENTADO
45149279A	PEREZ VAZQUEZ, IVAN	NON PRESENTADO
53611932J	PIÑEIRO RIOBO, IVAN	APTO
77406169Z	RUA SANTIAGO, MANUEL ANSELMO	NON PRESENTADO